DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 145 | Luns, 1 de agosto de 2022 | Páx. 42117

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

*RESOLUCIÓN do 12 de xullo de 2022, conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se adxudican as axudas da Orde do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (códigos de procedemento ED481B e IN606B).*

A Orde do 31 de decembro de 2021 (DOG núm. 20, do 31 de xaneiro de 2022), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, establece as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022 das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema de I+D+i galego, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

O obxecto desta convocatoria é outorgar axudas ás universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur) e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia, que contraten persoas tituladas superiores que obtiveron recentemente o título de doutora ou doutor para a súa formación nos seus centros, unidades ou departamentos, e permitir a mellora das súas capacidades mediante estadías de investigación posdoutoral no estranxeiro.

Non artigo 2.1 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e no artigo 2.2 os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas.

De acordo co establecido no artigo 10 desta convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes, publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días naturais para formular reclamacións para

CVE-DOG: sqssypa8-a1i5-rvk2-g8h4-cvtonebn94r2

emendar erros e a falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación, o 6 de abril de 2022 publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

As solicitudes foron ponderadas por un equipo avaliador formado por persoas expertas de fóra do sistema de I+D+i galego, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 7 da convocatoria e segundo o baremo que se indica no seu anexo I.

O resultado desta avaliación entregóuselle á Comisión de Selección definida no artigo 12 da orde de convocatoria, que elaborou un informe para os órganos instrutores no cal figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, e a lista de agarda para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e á persoa titular da Presidencia da Gain, de acordo co artigo 13 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 13 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polo órgano instrutor a partir do informe da Comisión de Selección, reunida o día 27 de xuño de 2022, a través da Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder parcialmente as axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral convocadas pola Orde do 31 de decembro de 2021 ás universidades do SUG que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo I desta resolución, no cal se reflicten tamén as solicitudes das persoas investigadoras que obteñen a condición de bolseiras Fulbright.

De acordo co indicado no artigo 3.2 da convocatoria, no ámbito das universidades do SUG, sempre que o número de solicitudes avaliadas favorablemente o permita, concédense un mínimo de 6 axudas por cada rama de coñecemento; na rama de ciencias sociais e xurídicas soamente hai 5 solicitudes que alcanzaron a puntuación final igual ou superior a 60 establecida no artigo 11.2 da convocatoria.

CVE-DOG: sqssypa8-a115-rvk2-g8h4-cvtonebn94r2

Segundo. Establecer unha lista de agarda para as universidades do SUG, que se inclúe como anexo II, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios recollidos no artigo 12. Nesta lista figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida no artigo 11.2 da convocatoria.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o día 1 de setembro de 2022, agás para as persoas non comunitarias que poderán asinar o contrato ata o 30 de decembro de 2022.

Quinto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 e aos anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamentos recollida no artigo 19 das bases da convocatoria.

Universidades do SUG: 40 axudas.

O importe das axudas das universidades do SUG imputarase ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2022-2026.

| Aplicación orzamentaria | Universidade | Nª de axudas | Crédito (en euros) | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 |
| 10.20.561B.444.0 | UDC | 4 | 53.666,68 | 196.000,00 | 174.000,00 | 86.333,32 |
| 10.20.561B.444.0 | USC | 22 | 352.666,74 | 1.090.500,00 | 1.014.500,00 | 510.333,26 |
| 10.20.561B.444.0 | UVigo | 14 | 216.333,38 | 649.500,00 | 606.500,00 | 306.666,62 |
| Total | | 40 | 622.666,80 | 1.936.000,00 | 1.795.000,00 | 903.333,20 |

Sexto. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Sétimo. O artigo 19 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustifi-

CVE-DOG: sqssypa8-a1t5-rvk2-g8h4-cvtonebn94r2

cacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación, e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 9.2.2021)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería
de Cultura, Educación, Formación
Profesional e Universidades

Francisco Conde López
Vicepresidente primeiro e conselleiro
de Economía, Industria e Innovación
e presidente da Axencia Galega
de Innovación

CVE-DOG: sqssypa8-a115-rvk2-g8h4-cvtonebn94r2

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

ANEXO I

**Axudas concedidas**

Universidade da Coruña.

| Nº exp. | Entidade | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona |
| ED481B-2022-025 | UDC | Suárez | Hervella | Álvaro | Enxeñaría e arquitectura | Non | 1.9.2023-31.8.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-003 | UDC | Suárez | Picado | Esteban | Ciencia | Non | 1.3.2023-31.8.2024 | 3 | | |
| ED481B-2022-002 | UDC | Sánchez | Piñeiro | Joel | Ciencias | Non | 1.2.2023-31.1.2025 | 1 | | |
| ED481B-2022-002 | UDC | Laport | López | Francisco | Enxeñaría e arquitectura | Si | 1.11.2022-31.10.2023 | 3 | | |

Universidade de Santiago de Compostela.

| Nº exp. | Entidade | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona |
| ED481B-2022-027 | USC | García | Varela | Lara | Ciencias da saúde | Non | 1.3.2023-30.6.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-030 | USC | Fernández | Fondevila | Marcos | Ciencias da saúde | Si | 1.10.2022-30.9.2024 | 3 | | |
| ED481B-2022-055 | USC | Lemus | Cánovas | Marc | Ciencias | Non | 1.10.2022-30.9.2024 | 1 | | |
| ED481B-2022-068 | USC | Corredoira | Vázquez | Julio | Ciencias | Non | 1.9.2022-31.8.2023 | 1 | 1.3.2024-28.2.2025 | 2 |
| ED481B-2022-054 | USC | López | Lorenzo | Gonzalo | Ciencias da saúde | Non | 1.11.2023-31.12.2024 | 1 | | |

| Nº exp. | Entidade | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona |
| ED481B-2022-075 | USC | Arza | García | Marcos | Enxeñaría e arquitectura | Non | 1.1.2023-31.12.2024 | 1 | | |
| ED481B-2022-090 | USC | Gómez | Pazo | Alejandro | Ciencias sociais e xurídicas | Si | 1.1.2023-31.12.2023 | 3 | 1.9.2024-31.8.2025 | 2 |
| ED481B-2022-056 | USC | Rivera | Chao | Eva | Ciencias | Non | 1.9.2022-31.8.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-026 | USC | González | Rellán | María Jesús | Ciencias da saúde | Non | 1.10.2022-30.9.2024 | 3 | | |
| ED481B-2022-084 | USC | Castro | Esteban | Jesús Alfonso | Ciencias | Si | 1.9.2022-31.8.2024 | 3 | | |
| ED481B-2022-086 | USC | Castro | Fernández | Silvia | Ciencias | Non | 1.9.2022-28.2.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-017 | USC | Traore | | Mohamed | Artes e humanidades | Non | 1.9.2023-31.08.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-047 | USC | García | Garrote | María | Ciencias da saúde | Non | 1.9.2022-31.8.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-048 | USC | Lombao | Vázquez | Diego | Artes e humanidades | Non | 1.9.2023-31.8.2024 | 2 | 1.9.2024-31.8.2025 | 2 |
| ED481B-2022-059 | USC | García | Vinuesa | Antonio | Ciencias sociais e xurídicas | Non | 1.1.2024-28.2.2025 | 1 | | |
| ED481B-2022-050 | USC | Agostini | Infante | Pedro Augusto | Ciencias | Non | 1.10.2022-30.9.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-071 | USC | Vila | Pérez | Víctor | Ciencias | Non | 1.12.2022-30.11.2024 | 1 | | |
| ED481B-2022-067 | USC | López | López | Andrea | Ciencias da saúde | Non | 1.9.2022-31.8.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-045 | USC | Fernández | Pereiro | Mario | Artes e humanidades | Non | 1.10.2022-30.9.2023 | 2 | 1.10.2023-30.9.2024 | 1 |
| ED481B-2022-061 | USC | Valderrábano | González | Irune | Artes e humanidades | Non | 1.9.2022-31.8.2023 | 2 | 1.9.2024-31.8.2025 | 2 |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia
DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 145 Luns, 1 de agosto de 2022 Páx. 42123

| Nº exp. | Entidade | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona |
| ED481B-2022-041 | USC | Sa Leite | Dias | Ana Rita | Ciencias sociais e xurídicas | Non | 1.10.2022-30.9.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-063 | USC | Míguez | Salina | Gabriela | Ciencias sociais e xurídicas | Si | 1.9.2022-31.8.2024 | 3 | | |

Universidade de Vigo.

| Nº exp. | Entidade | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona |
| ED481B-2022-023 | UVigo | Míguez | Álvarez | Carla María | Artes e humanidades | Non | 1.10.2022-30.9.2024 | 1 | | |
| ED481B-2022-081 | UVigo | Santás | Miguel | Vanesa | Ciencias | Non | 1.9.2022-31.8.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-019 | UVigo | Fondo | Ferreiro | Pablo | Enxeñaría e arquitectura | Non | 1.10.2022-30.9.2023 | 1 | 1.10.2023 - 30.9.2024 | 2 |
| ED481B-2022-093 | UVigo | De Arriba | Pérez | Francisco | Enxeñaría e arquitectura | Non | 1.10.2022-30.9.2024 | 1 | | |
| ED481B-2022-020 | UVigo | García | Del Río | Pablo | Ciencias | Non | 1.9.2022-31.8.2023 | 2 | 1.9.2023 - 31.8.2024 | 1 |
| ED481B-2022-079 | UVigo | Bello | Alonso | Patricia María | Artes e humanidades | Non | 1.9.2022-31.8.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-082 | UVigo | Chivite | Alcalde | Mauro | Ciencias | Non | 1.1.2023-31.12.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-009 | UVigo | López | Hortas | Lucía | Ciencias | Non | 1.9.2024-31.8.2025 | 1 | | |
| ED481B-2022-077 | UVigo | Poza | Nogueiras | Verónica | Enxeñaría e arquitectura | Non | 1.10.2022-30.9.2023 | 1 | | |
| ED481B-2022-083 | UVigo | Vaquero | Martínez | Javier | Ciencias | Non | 1.9.2022-31.8.2023 | 2 | 1.9.2023-31.8.2024 | 1 |

CVE-DOG: sqssypa8-a1t5-rvk2-g8h4-cvtonebn94r2



| Nº exp. | Entidade | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona |
| ED481B-2022-007 | UVigo | Pérez | Rey | Ignacio | Enxeñaría e arquitectura | Non | 1.9.2023-31.8.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-078 | UVigo | Santalla | García | Hugo | Ciencias | Non | 1.9.2022-31.8.2024 | 2 | | |
| ED481B-2022-006 | UVigo | Juan | Ovejero | Raquel | Ciencias | Non | 1.9.2022-31.8.2024 | 1 | | |
| ED481B-2022-018 | UVigo | Martínez | Román | Rosana | Ciencias sociais e xurídicas | Non | 1.1.2023-31.12.2024 | 1 | | |

ANEXO II

**Lista de agarda**

Universidades do SUG.

| Nº orde | Nº exp. | Entidade | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro Fulbright | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 01 | ED481B-2022-095 | UVigo | Lago | Docampo | Mauro | Ciencias da saúde | Si | 79,65 |
| 02 | ED481B-2022-098 | UDC | Novo | Díaz | Silvia | Ciencias | Non | 79 |
| 03 | ED481B-2022-004 | UDC | Naya | Varela | Martín | Enxeñaría e arquitectura | Non | 77 |
| 04 | ED481B-2022-014 | USC | González | Campoy | Josefina | Ciencias | Non | 76 |
| 05 | ED481B-2022-076 | UVigo | Villar | Cruces | Pedro | Ciencias | Non | 76 |
| 06 | ED481B-2022-066 | UDC | Neira | García | Iago | Ciencias | Non | 75,5 |
| 07 | ED481B-2022-089 | USC | Vivero | López | María | Ciencias da saúde | Non | 75,1 |
| 08 | ED481B-2022-091 | USC | González | Gómez | Manuel Antonio | Ciencias | Non | 74,95 |
| 09 | ED481B-2022-057 | USC | Mallah | | Narmeen | Ciencias da saúde | Non | 74 |
| 10 | ED481B-2022-051 | USC | Aragón | Herrera | Alana | Ciencias da saúde | Non | 73,9 |
| 11 | ED481B-2022-011 | UVigo | Garrido | González | Iván | Enxeñaría e arquitectura | Non | 72,9 |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia
DOG Diario Oficial de Galicia

CVE-DOG: sqssypa8-a1t5-rvk2-g8h4-cvtonebn94r2



| Nº orde | Nº exp. | Entidade | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro Fulbright | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 12 | ED481B-2022-062 | USC | Flament | Simón | Saskia Camille | Ciencias da saúde | Non | 71,8 |
| 13 | ED481B-2022-044 | USC | Rodríguez | Garrido | Jacobo | Artes e humanidades | Non | 71,5 |
| 14 | ED481B-2022-100 | UVigo | Ayuso | Vilaboa | Manuel | Ciencias | Non | 71,5 |
| 15 | ED481B-2022-024 | USC | Míguez | Rego | Vítor | Artes e humanidades | Non | 71 |
| 16 | ED481B-2022-029 | UVigo | De Marchi | Lourenço | Sarah | Ciencias | Non | 70,95 |
| 17 | ED481B-2022-042 | USC | Rouco | Méndez | Lara | Ciencias | Non | 70,6 |
| 18 | ED481B-2022-039 | USC | Fernández | Fariña | Sandra | Ciencias | Non | 70 |
| 19 | ED481B-2022-049 | USC | Barreiro | Piñeiro | Natalia | Ciencias da saúde | Non | 69,1 |
| 20 | ED481B-2022-085 | UVigo | Kyriakidi | | Sofía | Ciencias | Non | 69 |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia